

OUTUBRO

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO

CONCELLO DE SANTIAGO



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo

1



2

3

4

5

6

7

8

Xogando e aprendendo

9

10

11

12

13

14

15

Obradoiro de baile solto: xota

Xigantes e cabezudos

Bala Perdida
Os golfinhos e o xigante

16

17

18

19

20

21

22

Cincenta

As aventuras de Gale

A viaxe de Toribio

Mamulengo Capiroto
As aventuras de Mamá Cabra
Vacacións no mar

Circo Galaico

23

24

25

26

27

28

29

30

31

Faladoiro de crianza e bebeteca Montessori

Ruta polo parque de Belvís

Xogando e aprendendo...

Brazolinda

Sábado 7 de 18 a 20 h CSC do Ensanche

Un tempo compartido para experimentar con xogos de mesa, divertirse e aprender en familia.

+ 3 anos con acompañamento adulto

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Obradoiro de baile solto: xota

Cantigas e Agarimos

Xoves 12 de 12 a 13 h Praza do Toural

+ 5 anos

Xigantes e Cabezudos

Sábado 14 e domingo 15 ás 13 h Alameda

Percorrido: Alameda - praza do Toural - praza das Praterías - praza de Mazarelos

XXII Festival Galicreques

Os golfiños e o xigante

Fantoches Baj

Domingo 15 de 12.30 a 13.30 h Fundación SGAE

Espectáculo de sombras chinesas que narra unha historia real coñecida por unha nova na prensa internacional. O xigante Bao Xi Xhum, considerado polo marca Guinness o home máis alto do planeta, conseguiu, grazas ao seu longuíssimo brazo, salvar uns golfiños dunha morte certa. Baseada no texto homónimo de Ignacio Vilariño que lle valeu o XII Premio Barriga Verde en 2016.

+ 4 anos. 5 euros*. XXII Festival Galicreques

Bala Perdida

Títeres Cachirulo

Domingo 15 de 18 a 19.15 h Teatro Principal

Bala Perdida é un pirata, unha lenda, un corsario da vida, un ser bondadoso e rosmón, un valente e un xusticeiro. Ao seu carón, a súa mariñeira: homes curtidos nos mares, todos membros da Irmandade da Costa, e xunto deles, un tesouro que queima nas mans.

+ 9 anos. 5 euros*. XXII Festival Galicreques

Cincenta

Danthea Teatro

Luns 16 de 18.30 a 19.15 h CSC Santa Marta

O zapateiro real recibe todos os días calzado das persoas máis importantes do reino. Un día

chegará ás súas mans un pequeno zapato de cristal cunha fantástica historia; trátase do fermoso zapato da moza Cincenta.

+ 3 anos. 5 euros*. XXII Festival Galicreques

As aventuras de Gale

A Xanela do máxín

Martes 17 de 18.30 a 19.30 h CSC Santa Marta

Gale conducirá as nenas e nenos a través da súa historia para que lle axuden a repartir ese gran tesouro que protexe con tanto mimo: palabras, expresións, dicires e unha maneira única de ser e descubrir o mundo. Unha historia que nos axudará a comprender as circunstancias que rodean a Gale no día de hoxe, pero tamén a gran riqueza que supón contar con música, poemas, libros e canta cultura se creou e creará en galego.

+ 6 anos. 5 euros*. XXII Festival Galicreques

A viaxe de Toribio

Sherezade Bardaji

Venres 20 de 18.30 a 19.15 h CSC de Conxo

Isto é unha viaxe ao universo de Carlos Casares. Podemos ir en bicicleta con Lolo e seguro que Toribio se suma á nosa aventura e pode ser que polo camiño nos atopemos coa laranxa máis laranxa de todas as laranxas. Este espectáculo é unha celebración da vida e da literatura!

+ 3 anos

Programa "Ler conta moito" da Rede de Bibliotecas de Galicia

Mamulengo Capiroto (galego e portugués)

Lafontana- Formas animadas

Sábado 21 ás 13.30 e ás 18 h Alameda

Mamulengo Capiroto evoca a alegría, a liberdade e a transgresión que permiten transformar a dura realidade e levarnos cara a outra dimensión, onde a voz do pobo, os seus anxeos son oídos.

+ 6 anos. De balde. XXII Festival Galicreques

As aventuras de Mamá Cabra

Sábado 21 de 18 a 18.50 h CSC Santa Marta

Gloria Mosquera, leva máis de quince anos creando cancións coas que gozar, aprender e cantar coa música do grupo "Mamá Cabra".

Nesta ocasión, con Iago Rodríguez ás teclas e percusións, levarannos polas creacións deste grupo, coñecido por pequen@s e maiores.

De 2 a 10 anos. Entrada de balde ata encher a capacidade da sala

Programa "Ler conta moito" da Rede de Bibliotecas de Galicia

Vacacións no mar

Mircromina Teatro de Títeres

Sábado 21 de 19 a 19.50 h e domingo 22 de 17 a 17.50 h Alameda

Espectáculo de monicreques de luva con cachaporra ao estilo clásico adaptado á linguaxe actual. Unha sinxela historia con Marina do Mar, Moncho o mariñeiro e o pirata Ollo Virollo, tres personaxes arquetípicos e ben definidos. Moita emoción e interacción co público.

+ 4 anos. De balde. XXII Festival Galicreques

Circo Galaico

Títeres Alakrán

Domingo 22 de 14 a 14.45 h e de 18 a 18.45 h Alameda

Nunha fraga, dous trasgos presentan o circo máis insólito... O único do mundo onde os artistas viven en liberdade. O Circo Galaico xa está aquí!

+ 4 anos. De balde. XXII Festival Galicreques

Faladoiro de crianza e bebeteca Montessori

Rachachán

Mércores 25 de 17.30 a 18.30 h

CSC do Ensanche

Introducímonos na teoría Montessori, aprendemos a preparar espazos e actividades no fogar e resolvemos dúbidas. Mentres, as crianzas poden experimentar con materiais Montessori.

Nais e pais (poden ir acompañados polas súas crianzas ata 3 anos). 15 prazas. Inscripción do 10 ao 15 de outubro por correo electrónico no Departamento de Lingua Galega (dlg@santiagodecompostela.gal)

Ruta polo parque de Belvís

Sábado 28 ás 12 h CIAC

Achegarémonos a algúns usos e funcións deste espazo no noso día a día e ao longo da historia.

+ 8 anos. ciac@santiagodecompostela.gal; 981 543 145

* Bono grupal (4 entradas): 15 euros. Á venda no Teatro Principal (de martes a sábado, de 18 a 21 h), e no lugar do espectáculo o día do espectáculo, desde unha hora antes do comezo.

+Info: www.apego.gal
apego.santiagodecompostela.gal

Obradoiros [Contacontos](#) [Teatro](#) [Música](#) e [mais...](#)

CHUCUCHUCUCHUUUU...

Landras, castañas, cogomelos, follas de cores... Malia a chuvía e o frío que xa empezan a notarse, os paseos de outono son un espectáculo case de conto. As noites chegan antes e polas rúas da zona vella xa arrecende a castañas asadas. Que pracer coller unha presada e ir coméndoas de camiño á casa! ou gardalas para ver unha peli no sofá á tardiña... E para as que non se conforman coas locomotoras de castañas da rúa e o acougo do sofá, propoñémosvos un plan máis arriscado: unha viaxe en tren! Si, si, nun tren de verdade!

Dende a Estación de Tren de Santiago podedes viaxar á Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense...

O que para nós é algo cotián, para as miúdas que nunca foron en tren pode ser toda unha aventura da que tirar moito proveito.

Na preparación da viaxe comeza xa a diversión: escoller a ruta, marcala no mapa, ver os lugares polos que pasa, as estacións, entender a utilidade das vías, os túneles, o funcionamento do tren ao longo do tempo...

Que vos parece se imos empezando xa cos preparativos?

Aquí tedes unha imaxe da estación de tren de Compostela. Debaxo están os nomes dalgúns elementos que ides atopar alí. Animádesvos a atopalos?

Seguro que cando cheguedes á estación sodes xa unhas expertas no mundo ferroviario! :D

Boa viaxe!



LOCOMOTORA

MAQUINISTA

VAGÓN



VÍA

VENTÁ

PLATAFORMA